



8 de abril de 2019 ás 17 h
Día Internacional do pobo Xitano.
C.S.C. das Fontiñas

Mesa redonda:
O presente da comunidade xitana: HOXE/ACHIBE

- Actuación de flamenco
- Ágape



INDICE DE CONTIDOS

	Páxs.
1. Título	3
2. Fundamentación do proxecto	3
3. Obxectivos	16
4. Participación	16
5. Actividades.	17
6. Custe económico	18
7. Agradecementos	18
8. Anexos	19



I.- TÍTULO.

O presente da comunidade Xitana: HOXE/ACHIBÉ

Xornada de conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano.

II.- FUNDAMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza (aspecto difícil de acadar, ao recibir poboación pertencente a outras zonas; trasvase que se foi realizando paseniño, polo que a constitución do seu vecindario presentou puntos débiles)... Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Non corresponde neste documento realizar unha reprodución da análise social realizada no III Diagnóstico Comunitario (para mais información, remitirse ao mesmo)¹, pero si convén dar unhas pequenas pinceladas do mesmo, dado que o seu contido é o que fundamenta o deseño e a implementación dos proxectos de intervención comunitaria. Así, na seguinte imaxe ofrécese unha síntese da análise poboacional, das necesidades sociais e das situacións carencias detectadas:

Gráfica nº 1: Radiografía social no barrio de Fontiñas.

¹ www.compostelaintegra.org



Fonte: III Diagnóstico Comunitario do Barrio de As Fontiñas (ano 2015). Elaborado pola UTS Fontiñas e o Programa municipal socioeducativo (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

Gráfica nº 2: A realidade social no barrio de Fontiñas.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraugas, 2015.



Se hai unha palabra que define ao barrio, esa é a de **DIVERSIDADE**, así o vemos na gráfica anterior: distintos tipos de familias se asentan na zona, as súas vidas e as súas realidades son moi diferentes, as súas etnias e as súas culturas se converten nun factor de enriquecemento persoal e comunitario. Este rasgo definitorio está presente tamén na actuación profesional de tódolos servizos educativos e sociais da zona, que foron quen de aunar forzas para establecer puntos de encontro e acadar obxectivos comúns.

A xestión da diversidade cultural é un dos grandes retos das sociedades no século XXI e a eficacia coa que se asuma esa xestión, vai garantir o futuro de moitas comunidades. Afrontar ese reto supón facer unha aposta pola implementación de accións pluralistas de xestión da diversidade, nas cales resulta prioritario apostar por liñas de actuación que permitan o desenvolvemento da convivencia intercultural e, dentro das mesmas, incluír metodoloxías de intervención adecuadas a esta nova realidade.

A diversidade cultural non é só a coexistencia de diferentes culturas, senón as relacións ricas e fluídas entre ditas culturas. A interculturalidade aborda a relación entre culturas, busca a converxencia para establecer vínculos e puntos en común, a través da cooperación, a aprendizaxe e o intercambio mutuo. O ideal da *interculturalidade* é que a partir da *multiculturalidade* existente, haxa un diálogo en condicións de igualdade, de democracia, de enriquecemento mutuo no intercambio.




Así, dende hai xa mais dezasete anos, as entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas, adoptamos unha perspectiva de traballo coordinado, en rede, que non obviou a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incide nos ámbitos preventivos e de integración. No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención coas familias pertencentes ao pobo xitano, por ser un colectivo cuantitativamente importante na distribución poboacional do barrio. Liñas de intervención social dirixidas a minguar o absentismo escolar, a mellorar a escolarización dos mais novos, a favorecer a convivencia comunitaria, formación de grupos vulnerables a incrementar o grao de participación nos diferentes recursos e servizos públicos así como do tecido social foron os piares que sostíñan as xuntanza de barrio.



E a nivel educativo podemos destacar diferentes proxectos levados a cabo dende o ano 2004 ata a actualidade, proxecto Esquira, os graffiti sobre a prevención, talleres de flamenco (ao longo de diferentes cursos), xuntanzas coas familias e en especial coas nais (Plan de convivencia e Plan de mellora de biblioteca) e un longo etc entre o que destacando a conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano realizada no ano 2016.

A rede comunitaria de Fontiñas ten como premisa de traballo que...


Gráfica nº 3: Presupostos básicos para o traballo en rede no barrio de Fontiñas.



Fonte: III Diagnóstico Comunitario do Barrio de As Fontiñas (ano 2015). Elaborado pola UTS Fontiñas e o Programa municipal socioeducativo (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

En consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na intervención conxunta, en rede, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:


Gráfica nº 4: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, marzo 2016 actualización)



Gráfica nº 5: A programación comunitaria no barrio de Fontiñas.



Nota: As actuacións que figuran en negra, sen especificar data, é que están viventes na actualidade e que se repiten no tempo.

Fonte: III Diagnostico Comunitario. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), xullo 2015.

E con estes proxectos pretendíase traballar, basicamente, tres aspectos:



Gráfica nº 6: Eixes que inspiran a intervención comunitaria en Fontiñas no período temporal 1998-2019.



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2016.

Pero a pluralidade vai mais alá; así, **a presenza da comunidade xitana no barrio foi dende sempre unha sinal de identidade**, dun contexto marcado pola diversidade, que tamén define aos xitanos e xitanas residentes en Fontiñas, en canto á heteroxeneidade presente en relación ao sexo, estatus social, niveles formativos, empregabilidade e lugar de procedencia, entre outros.


Táboa nº 1: Distribución das persoas pertencentes ao pobo xitano residentes no barrio de Fontiñas.

	HOMES			MULLERES			TOTAL	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
Menos de 6 anos	10	11,63%	58,82%	7	9,59%	41,18%	16	10,69%
De 6 a 12 anos	4	4,65%	57,14%	3	4,11%	42,86%	5	4,40%
De 13 a 16 anos	3	3,49%	37,50%	5	6,85%	62,50%	8	5,03%
De 17 a 18 anos	20	23,26%	66,67%	10	13,70%	33,33%	28	18,87%
De 19 a 64 anos	39	45,35%	51,32%	37	50,68%	48,68%	75	47,80%
De 65 anos ou mais	10	11,63%	47,62%	11	15,07%	52,38%	21	13,21%
TOTAL	86	100,00%	54,09%	73	100,00%	45,91%	159	100,00%

Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, xullo 2015.



Gráfica nº 7: Comparativa das persoas pertencentes ao pobo xitano coa restante poboación de Fontiñas



Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, xullo 2015.

A **procedencia xeográfica** tamén se converte nunha “**diferenza**” entre as familias xitanas residentes en Fontiñas: galegos, zamoranos, portuguesas, etc. Ademais dos lugares de orixe, existen outra serie de particularidades como poden ser os liñaxes presentes dentro das familias que fai que este grupo se faga moito mais diverso (un mesmo apelido non significa que pertenza ao mesmo tronco familiar).

A poboación xitana residente no barrio de Fontiñas experimentou nos últimos anos un descenso (aínda que segue a ser un colectivo poboacional importante), feito relacionado coa adjudicación de novas vivendas de promoción pública noutras zonas do municipio ou coa independencia de núcleos familiares en vivendas de aluguer (privadas). Na actualidade, representa un peso do 1,6 % con respecto ao total poboacional do barrio de Fontiñas. A súa pirámide é contraditoria; si ben a porcentaxe do colectivo de menores de idade supón un 38,9 % (notablemente superior á media do barrio de Fontiñas, situada no 15,7 %), a dos maiores alcanza un 13,21 % (cifra que tamén é lixeiramente maior que a do promedio da zona: 14,2 %). Pero..., ¿a qué zonas se trasladaron estas familias?. Non se pode afirmar que, masivamente, fixaran os seus domicilios nas zonas de nova ubicación de vivendas de promoción pública (Conxo, Salgueiriños, etc); si ben algúns si o fixeron, outros abandonaron a zona sendo beneficiarios de axudas pertencentes aos distintos plans de vivenda: existe unha dispersión por todo o termo municipal e, sobre todo, a zonas limítrofes con este municipio onde se atopaban vivendas mais asequibles (Milladoiro, Cacheiras, Oroso ou Bertamiráns).



Como é sabido, o pobo xitano está vivindo un proceso de cambio social, que está provocando a redefinición da súa propia identidade étnica. Un dos elementos mais claros deste proceso de cambio é a evolución da muller xitana dentro e fora do seu contorno familiar. As mulleres xitanas do noso contexto levan tempo manifestando o seu desexo de participación noutros ámbitos, ademais do doméstico e estritamente familiar, e convertéronse co paso do tempo no motor de cambio dentro das súas familias. Paseniño acadaron favorecer o encontro, a creación de vínculos e a participación social da comunidade xitana do barrio, así como un mellor coñecemento da situación actual que elas mesmas están vivindo e o esforzo que todas están levando a cabo para melloralas.

A educación intercultural constitúe a resposta ás necesidades e problemas das sociedades multiculturais, xa que o seu fin prioritario é o fomento do respecto pola diversidade e a convivencia entre a veciñanza. A verdade é plural e relativa; cada cultura e cada persoa ten que traballar na superación dos seus propios horizontes se quere entender libre e obxectivamente os valores do “outro”.

A Programación comunitaria da rede de Vite

O punto de arranque do traballo social comunitario é coñecer os recursos existentes na zona (tanto no ámbito público coma privado) no en orde a acadar un mellor aproveitamento e creación doutros novos, considerando á poboación como un recurso básico.

Poboación total do barrio de Vite: **12.162 habitantes**

A presenza da comunidade xitana no barrio de Vite ascende a 271 persoas.

Outros datos de poboación;

Poboación estranxeira; 9,81%

Persoas maiores que viven soas: 18,30%

Persoas menores de idade: 17,65%

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Mellorar a calidade de vida e o benestar da veciñanza da zona de Vite, do Concello de Santiago de Compostela.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Realizar o estudo e diagnóstico social da comunidade.




- Detectar e analizar as necesidades e demandas, explícitas e implícitas, na zona de Vite
- Elaborar un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- Identificar os grupos de poboación vulnerables
- Detectar situacións de risco social e ou vulnerabilidade social para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial de actuación do Proxecto de Intervención Socio-comunitaria na area de influencia das Unidades de Traballo Social de Vite e Santiago Norte abrangue os barrios de Vite, Guadalupe, Salgueiriños e Meixonfrío, que forman parte da área de influencia da Unidade de Traballo Social 01 (Sinalada no mapa en vermello).



Poboación total do barrio de Vite: 12.162 habitantes , segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2018.



Descrición do Proxecto de Intervención Socio-Comunitaria na area de influencia da Unidades de Traballo e Educación Social de Vite

Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos Municipais, seguindo os principios de descentralización e desconcentración establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e co gallo de estar máis próximos á cidadanía, conta cun Punto de Atención de Servizos Sociais ubicado na Casa das Asociacións de Benestar Social, sita na Rúa Manuel María 6, en Salgueiriños. Trátase dun equipamento municipal dende o cal se atenden as Unidades de Traballo e Educación Social (U.T.E.S.) de zona de Vite (01) e do Rural Norte (07), segundo se aprecia no seguinte cadro.

UTES	ZONAS DA UTS	PERSOAL TÉCNICO PASS CABES	DIAS DE ATENCIÓN CON CITA PREVIA
01: Vite	1.- Polígono de Vite. 2.- Salgueiriños – Tambre 3.- A Pulleira. 4.- Meixonfrío. 5.- Os Vilares	2 TRABALLADORAS SOCIAIS 1 EDUCADORA SOCIAL	Luns, martes, mércores e venres.



Dende este Punto de Atención desenvólvense varios programas e proxectos, sendo un deles o **Proxecto de Desenvolvemento Sociocomunitario na zona de Vite.**



O desenvolvemento comunitario establécese como unha acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social dun barrio ou zona, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, trata de organizar o proceso evolutivo dunha comunidade territorialmente ben delimitadas e dunha poboación-obxectivo, coa participación activa dos interesados, dando cumprimento ao artigo 11 (apartados a, b, c e h)² da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008).

METODOLOXIA.

O proceso metodolóxico de intervención no ámbito da comunidade pódese axustar ás seguintes fases:

Táboa nº 1: Metodoloxía do Traballo Social Comunitario.

FASES	TÉCNICAS
1.- Obtención da información.	<ul style="list-style-type: none"> • Contacto con institucións, servizos, movemento asociativo, etc..., da zona. Recopilación da información. • Contacto con personaxes clave, líderes comunitarios, etc... Recopilación de información.
2.- Procesamento da información – estudio necesidades sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Análise do contido da documentación.
3.- Elaboración de diagnóstico social	<ul style="list-style-type: none"> • Síntese de problemáticas, necesidades sociais, etc ... • Análise de necesidades sociais implícitas e explícitas. • Análise das potencialidades. • Priorización. Criterios.
4.- Devolución de datos (Diagnóstico Social) ás persoas, servizos, etc ..., que participaron	<ul style="list-style-type: none"> • Devolución datos. • Contrastación. • Modificación, se é o caso.
5.- Deseño da intervención	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño de programas e proxectos de actividades sociais (plazo inicial de 1 ano). • Implicación servizos, coordinación. • Presuposto, etc ...
6.- Execución	<ul style="list-style-type: none"> • Transferencia á comunidade das unidades de planificación. • Integración dos profesionais en equipos comunitarios.
7.- Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Informes sobre os resultados acadados e as consecuencias dos mesmos na calidade de vida dos habitantes da zona. • Avaliación continua e final. • Avaliación de resultados.


Fonte: Información extraída da iniciativa de desenvolvemento comunitario do barrio de Fontiñas, ano 2000.

FUNCIÓNS

Segundo o DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece, no marco do artigo 11 da Lei 13/2008, son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:



- a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- c) A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.
- j) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.



O 8 de abril é o **Día Internacional do Pobo Xitano**; é unha data na que o pobo xitano se fai mais visible. Alzan a súa voz para mostrar a heteroxeneidade e denunciar que seguen figurando entre os colectivos sociais mais vulnerables.

No ano 2016 conmemorouse o Día Internacional do Pobo Xitano cun

carácter diferenciador, foron as propias familias xitanas da zona quen, sendo coñecedoras da implementación doutros proxectos, se achegan aos servizos públicos da rede demandando axuda





para poder conmemorar esta data; solicitan apoio, pero aportando ideas, esforzos e traballo; desexan ser eles as “**voces**” para analizar de onde veñen, onde están e a onde queren ir.

Nesta ocasión é a propia administración (**Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos- Departamento de servizos Sociais**)a que promove a conmemoración desta data coa implicación de dous barrios da cidade: Fontiñas e Vite así como a colaboración das entidades sociais que participación en esas dúas redes comunitarias.


Pese a que a iniciativa non xurdiu das familias a proposta ten boa acollida pola poboación o seren eles os protagonista e responsables de dar contido o como e de que maneira celebrar este día.

Plantexase unha xornada onde tódalas familias, independentemente da súa orixe, poidan participar; promovese unha xornada de convivencia, abríndoa a tódolos veciñas e veciñas (enfoque intercultural) e tamén, para tódalas franxas de idade (enfoque interxeneracional)

Prográmase, por tanto, unha xornada de convivencia na que os protagonistas son os mozos e mozas, coa finalidade de dar a coñecer como valoran a cultura, cal é a súa situación actual e cales son os piares que desexan que sustenten o seu futuro; todo dende un enfoque interxeneracional e, como non, intercultural.

Gráfica nº 8:
identidade do
comunitario

Trazos de
proyecto
“HOXE / ACHIBÉ”.





Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2019.

Este proxecto comunitario, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- **Liña nº 5 do III Diagnóstico Comunitario:** Accións encamiñadas a apoiar itinerarios de inclusión social.
- **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Celebración de actividades cun enfoque de convivencia comunitaria.
- **Liña nº 14 do III Diagnóstico Comunitario:** Difusión de actividades comunitarias.

III.- OBXECTIVOS

- Conmemorar o **Día Internacional do Pobo Xitano** no barrio de As Fontiñas.
- Construír unha xornada de convivencia, cun enfoque intercultural e interxeneracional, xuntando a familias xitanas de distintas orixes e procedencias.
- Facer visible a cultura e ó pobo xitano como veciñas e veciños activos no barrio de Fontiñas.
- Tomar conciencia da traxectoria que se está a seguir cara unha cidadanía activa.
- Cultivar actitudes interculturais positivas.
- Favorecer os espazos de encontro interxeneracionais.
- Potenciar a realización de proxectos autoxestionados polos propios destinatarios.
- Seguir a consolidar o traballo en rede iniciado no ano 1998.

IV.- PARTICIPACIÓN.

O índice de participación foi moi superior ao previsto pola organización. Había unha estimación de 100 persoas, aproximadamente; nembargante, a participación da comunidade xitana foi moi elevada, cun número de asistentes de **260 persoas**, aproximadamente, sendo o espazo insuficiente. A riqueza cultural tamén foi outra nota importante, dado que estiveron presentes tódolos trancos familiares residentes no barrio de Fontiñas e Vite. A valoración da xornada realizada por todos eles en días sucesivos foi moi positiva. Neste senso débese recoñecer a gran labor de difusión que fixeron os mozos que participaron na organización do evento que pon de manifesto seu compromiso e implicación no seu desenvolvemento.



V.- ACTIVIDADES.

As **actuacións previstas** foron as seguintes:

1. **O presente da comunidade xitana: HOXE / ACHIBÉ.** Vídeo gravado polo colectivo Barriopía, que pretende plasmar a situación actual de varias veciñas e veciños do barrio. Pretendemos analizar a realidade da poboación moza con varios veciños da zona, reflexar como cambiou a vida das familias xitanas, cal é a súa realidade actual, que dificultades está na afrontar, novos intereses, etc.
 - Dona Raquel Ferreruela Ferreruela
 - Dona Silvia Jiménez Jiménez
 - Dona Elena Manzano Borja
 - Don Juan Camacho Montero
 - Don Angel Gimenez Rosillo
 - Dona Yésica Cortés Vázquez
 - Don Ramón Ferreruela Rábano
 - Dona Dolores Hernández Jimenez
2. **“O Presente”** análise realidade laboral e formativa, en formato de mesa redonda; coa finalidade de que comenten cal son os seus, proxectos, anhelos, como desexan enfocar as súas vidas, con que atrancos se están atopando. Prevista a participación de:
 - Don Luis Giménez Hernández
 - Dona Lorena Moreno Jiménez
 - Manuel Jesús Barrul Jiménez
 - Sunamita Motos Fernández
3. **Baile** a cargo dun grupo de nenas dos barrios.
4. **Actuación musical**, a cargo do “Quinteto NÓS”. Participan:
 - Don Isaías Salazar
 - Don Alejandro Vargas
 - Don Moisés Fernández
 - Don Alfonso Calvo
 - Don Marcos Teira
5. **Remataríase a xornada** cun ágape, pretendendo ser unha xornada conmemorativa, pero tamén de convivencia.

Esta actividade levouse a cabo o propio **8 de abril de 2019**, nas instalacións do Centro Sociocultural das Fontiñas, de 17 a 21 horas.



VI.- COSTE ECONÓMICO.

O coste inicialmente previsto da actividade desglósase do seguinte xeito:

- Cartelería: 123,35€
- Actuación musical: 1.700€
- Gravación vídeo: 600€
- Vestiario: 27€
- Agape: 2.400€

Os gastos da actividade: carteleira, actuación musical, gravación do vídeo, vestiario e ágape foron sufragados polo Concello de Santiago de Compostela.

VII.-AGRADECEMENTOS.

As persoas que elaboramos o presente documento desexamos facer constar os nosos **AGRADECEMENTOS**:

- Ás familias dos barrios de Vite e Fontiñas, pola colaboración nas actividades propostas, pola implicación amosada e por contribuir a que un proxecto se faga realidade.
- Aos diferentes profesionais do ámbito educativo, sanitario e social, que evidenciaron o seu apoio a unha iniciativa comunitaria coa súa presenza e participación.
- Á capacidade de traballo en rede amosada polos técnicos do PASS Vite e PASS Fontiñas no deseño, realización e avaliación deste proxecto.
- Ás xefaturas de Servizo e de Area de Servizos Sociais, presente e pasada, que evidenciaron o seu apoio a unha iniciativa comunitaria coa súa orientación, presenza e participación.

Agradecer igualmente o apoio institucional realizado dende a Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos **Dona Concha Fernández Fernández**, así como dende a Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela, que evidencian o compromiso por proxectos que apostan pola convivencia, ..., en definitiva, que apostan polo benestar social.



A xornada en imaxes



Fase preparatoria.






A xornada.









Actividade nos medios de comunicación:

* http://www.compostelaintegra.org/actualidade/nova.php?id_post=2141&lg=gal


01/04/19
BARRIO FONTIÑAS: UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN AS FAMILIAS (UAF)
DIA INTERNACIONAL DO POBO XITANO - 8 DE ABRIL DE 2019.
 DIA INTERNACIONAL DO POBO XITANO - 8 DE ABRIL DE 2019.
 Lugar: Centro Cívico das Fontiñas

17,00 h: Apertura do acto a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos.

17,15 h: Presentación do Día Internacional do Pobo Xitano.

17,25 h: Proxección do vídeo "O presente da comunidade xitana: HOXE/ ACHIBÉ".

17,45: Mesa redonda "O presente: HOXE/ ACHIBÉ".

18,00: Baile a cargo dun grupo de nenas do barrio.

18,30: Peche do Día Internacional do Pobo Xitano.

18,45 h: Actuación musical, "Quinteto NÓS".

19 h: Ágape e entrega do libro "Os fillos do vento. Contos tradicionais xitanos".



* <http://santiagodecompostela.org/hoxe/previsions.php?lg=cas&anc=0&mnc=0&id=2019-4-8>


 Castellano ▾


CONCELLO DE SANTIAGO

 EL AYUNTAMIENTO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA TURISMO 🔍

PREVISIONES INFORMATIVAS

PORTADA » EL AYUNTAMIENTO » SERVICIO DE PRENSA » PREVISIONES INFORMATIVAS

CONCEJALÍAS

JUNTA DE GOBIERNO

PLENO

GRUPOS MUNICIPALES

ALCALDÍA

COMISIONES

SERVICIOS MUNICIPALES

RAXOI

GUÍA DE COMUNICACIÓN

NOTICIAS (EN GALLEGO)

SERVICIO DE PRENSA

» Previsiones informativas

Aquí puede consultar diariamente las previsions informativas de la Corporación Municipal (comparecencias, ruedas de prensa...)

Previsions informativas para o luns 8 de abril

11.30 h
En San Lázaro, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, asiste á tradicional poxa das Uñas.


12.45 h
No IES Antón Fraguas, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, asiste á inicio da semana cultural do centro.

13.00 h
En San Lázaro, concerto da Banda Municipal de Música con motivo das Festas da Uña do Barrio de San Lázaro.




18.30 h
No Centro Cívico das Fontiñas, o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, asiste á clausura dos actos con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano.

* https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2019/04/08/cine-musica/0003_201904S8C69918.htm

navegación. Si continúa navegando acepta su uso.



XOÁN A. SOLER

08/04/2019 04:05 H

Cine

11.00 horas • EASD Mestre Mateo • Proyección de la web serie «A partida».

Música

17.00 horas • CC das Fontiñas • Día internacional del pueblo gitano. Concierto Nós, con Marcos Teira, Alfonso Calvo, Moisés Fernández, Isaías Salazar y Alejandro Vargas.



Documento elaborado por:

- **Beatriz Sixto Solar**, traballadora social do PASS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- **María Jesús Viqueira Pérez**, traballadora social do PASS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- **Margarita Vázquez Teo**, educadora social do PASS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- **Sandra Ferreño García**, educadora social do PASS Vite (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Coa colaboración de:

- **Dolores Sanz Lobo**, orientadora do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas